



ACTA DE REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL

RECREATIVO E VECIÑAL

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: RECREATIVO E VECIÑAL

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Salón de Plenos municipal

Data: 15/05/2017

Hora: 20:20h.

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

- 1) Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada e concelleiro de Participación Cidadá,
- 2) María Pardo Fafián, concelleira de Cultura,
- 3) Xosé Fernando Fariña Andrade, secretario de alcaldía,
- 4) Alberto Pardo López, en representación da asociación veciñal O Plátano,
- 5) Juan José Casanova Muñiz, en representación da asociación A Meda,
- 6) Aránzazu Pardo Guillán, en representación da asociación A Meda,
- 7) Begoña Romera Calleja, en representación da asociación La Sociedad R.,C. y D.,
- 8) Sagrario Blanco Pombo, en representación da asociación veciñal de Meirás,
- 9) Eliseo Lesta Vidal, en representación do colectivo veciñal da Av. Posse,
- 10) José Ramón Mosquera Purriños, en representación do colectivo Eres de Sada si...,
- 11) Andrés López Conde, en representación do colectivo Eres de Sada si...,
- 12) Jaime Paz Loureiro, en representación da asociación Os Patexeiros,
- 13) Juani Tarano, a título individual, quen manifesta non ter interese en integrarse neste Consello e estar presente para informar dun proxecto que pode resultar de interese para o resto das persoas presentes
- 14) Tamara Rubiños Varela, que asiste a reunión como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada,

e actúa como **secretaría:**

Silvia Varela Núñez, como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1ª parte: de constitución do Consello Sectorial.



1. Presentación da sesión e resumo do proceso de creación de Consellos Sectoriais realizado ata o momento.
2. Presentación de representantes institucionais, representantes dos grupos políticos con presenza no pleno, e representantes das asociacións que desexan integrarse.
3. Presentación das veciñas e veciños integrantes do Consello Sectorial a título individual.
4. Funcionamento do Consello Sectorial para a elaboración dun Regulamento Interno:
 - 4.1. Establecemento das funcións do Consello Sectorial.
 - 4.2. Establecemento da periodicidade das reunións.
 - 4.3. Establecemento das canles de comunicación internas e externas.
5. Outros.

2ª parte: da seguinte reunión.

6. Temas a tratar na seguinte reunión do Consello, para comezar a elaborar a orde do día.
7. Varios.
8. Determinación da data, hora e lugar da seguinte reunión
9. Lectura da acta de constitución, sinatura da mesma polas persoas presentes e peche da sesión.

Da 1ª parte da reunión:

- Dá comezo a sesión coa presentación da mesma, por parte do equipo técnico, e a realización dun resumo do proceso levado a cabo ata o momento para a creación dos Consellos Sectoriais. Abórdase máis concretamente o tratado no 3º encontro participativo: funcionamento dos Consellos Sectoriais.
- Dáse a coñecer que a persoa que asumirá as funcións de secretaria deste Consello será: Xosé Fernando Fariña (non presente), secretario da alcaldía de Sada.
- Xurde a consulta de ser os restantes grupos políticos forman parte deste Consello, dado que preocupa a traxectoria e consolidación destes órganos en relación a futuros gobernos municipais, ao cal se responde que polo momento os distintos grupos políticos non designaron representantes, mais estes órganos de participación quedan abertos á súa integración ou de calquera outra persoa ou entidade que o desexe, en calquera outro momento.



- Abórdase cal debe ser a periodicidade das reunións ordinarias deste Consello, e concrétese que deben ter lugar un mínimo de tres ao ano, procurando a súa realización en espazos temporais aproximados de catro meses.
- En canto ás canles de comunicación externas, para dar publicidade ás actas e ordes do día deste Consello, validase o emprego tanto do espazo web municipal como os taboleiros físicos para información municipal.
- Considérase preciso manter reunións entre as persoas que forman parte deste Consello en representación das distintas asociacións e a título individual, se as houbera, previamente ás reunións ordinarias deste Consello. Acórdase a realización destas reunións aproximadamente 20 días antes de cada reunión ordinaria do Consello. Para facilitar a comunicación interna entre as persoas que compoñen este Consello en representación de asociacións ou a título individual, crearase un grupo mediante a aplicación de mensaxería WhatsApp.
- Queda constituído o Consello Sectorial Recreativo e Veciñal de Sada, composto polas entidades anteriormente sinaladas.

Da 2ª parte:

- Juani Tarano presenta un proxecto que está por iniciarse, consistente en centralizar a información das asociacións facilitando dar publicidade ás actividades que se realicen. Acórdase revisar esta proposta na seguinte reunión, cando estea máis avanzada a iniciativa.

Plantéxanse as seguintes cuestións e temas a tratar na seguinte reunión:

- Estado actual da proposta de Juani Tarano sobre centralización de información de asociacións.
- Propoñer medidas que contribúan a evitar a existencia de excrementos de cans nas rúas. Presentación da ordenanza de benestar animal na cal se prevé que se dea conta desta cuestión.
- Necesidade dun local social para ser empregado principalmente por persoas maiores, na zona da Av. Posse.
- Reparto das actividades polos diferentes locais sociais do municipio, contribuindo á deslocalización da actividade cultural e de dinamización.
- Valoración de alternativas que contribúan á desconxestión do tráfico na Avenida Posse.

Data, hora e lugar da próxima reunión: 7/08/2017, ás 20:00h. no Salón de Plenos municipal.

Remata esta reunión sendo as 22:20h. Todas as persoas presentes nestes momento asinan a presente acta e manifestan coñecer o contido da mesma.